



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Dramaturxia
<b>DISCIPLINA</b>	Dramaturxia II
<b>TITULACIÓN</b>	Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores en Arte dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Escenografía
<b>ITINERARIO</b>	
<b>CURSO</b>	3º (2º cuatrimestre)
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	3
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatorio
<b>DEPARTAMENTO</b>	Dirección escénica e dramaturxia
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Afonso Becerra Arrojo
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Joan Giralt-Bailach <b>Horario titorías:</b> <b>Despacho:</b> Dirección escénica e dramaturxia <b>Contacto:</b> <a href="mailto:joangiraltbailach@edu.xunta.gal">joangiraltbailach@edu.xunta.gal</a>
<b>DESCRICIÓN</b>	Análise do texto dramático e/ou da partitura dramática. Concepción da estrutura dramática e das convencións que operan nunha obra ou espectáculo, a acción, o xénero, a caracterización, o ritmo, así como as implicacións de elementos de produción tales como o vestuario, a escenografía ou a iluminación. Análise e documentación para a adaptación de textos non dramáticos de cara á súa escenificación.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Dramaturxia I
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
<b>T3</b>	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T4</b>	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
<b>T6</b>	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
<b>T7</b>	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
<b>T13</b>	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
<b>T17</b>	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.

<b>COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN</b>	
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X5</b>	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
<b>X7</b>	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
<b>X8</b>	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
<b>EE3</b>	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.
<b>EE5</b>	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
<b>EE6</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>	<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>
1. Coñecer as tipoloxías e os niveis de acción e saber manexalos na análise e na composición dramaturxica.	T2. T3. T8. T17. X3. EE5. EE6.
2. Iniciarse nas estratexias compositivas dos diferentes sistemas formais (narrativo, asociativo, abstracto, categórico, persuasivo) e nos seus elementos fundamentais.	T4. X8. EE3. EE5. EE6.
3. . Coñecer os parámetros fundamentais que configuran o paradigma posdramático e as novas dramaturxias.	T2. T4. X7. X8. T4. X3. X8. EE5. EE6.
4. Iniciarse no adestramento e no dominio de modos básicos de composición dramaturxica, desde a perspectiva performativa.	T1. T3. T6. T7. T8. T13. X5. X7. EE3. EE5.

<b>4. CONTIDOS</b>		
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>SESIÓNS</b>
1. O xiro procesual na dramaturxia.	1.1. Conceptos dun cambio de paradigma: posdramático, performativo, fenomenolóxico, relacional, postespectacular, 1.2. Pensar a través da práctica da composición. 1.3. Sensibilidade e mirada dramaturxica.	3

2. Medialidade.	2.1. O <i>medium</i> teatral ( <i>semiotic media</i> ): usos das técnicas e dos materiais sensibles. Materialidade. 2.2. Os <i>media</i> teatrais ( <i>transmissive media</i> ): conservación, comunicación e reactualización. 2.3. A intermedialidade. A transformación do intercambio de pensamentos e procesos. 2.4. A remediación.	3
3. Figurabilidade e visibilidade.	3.1. A construción da figura. A posibilidade de representar. 3.2. A presentabilidade: o ausente presente na imaxe. 3.3. Constitución da representación e construción do sentido. 3.4. A focalización.	3
4. Condicións.	4.1. Fisicalidade. Visualidade. Materialidade. 4.2. Irrupcións do real. Ficcións non miméticas. 4.3. Heteroxeneidade. Simultaneidade. Parataxe. 4.4. Pensamento en común (coralidade) e en acción (proceso). 4.5. Dispositivos espacio-temporais. 4.6. Devir escénico. Escrita de palco.	4
5. Procedementos.	5.1. Presencialidade e virtualidade. Medialización. Intimidade. 5.2. Hibridación. Ensamblaxe. Paisaxe. Abstracción. 5.3. Documento. Testemuña. Simulacro. Parodia. Ironía. 5.4. O traballo do xogo: agon, mimicry, alea e ilinx.	8
6. Procesos. (Tema transversal)	6.1. Puntos de partida e de chegada. A procura de materiais. 6.2. Referentes e documentación. 6.3. Investigación e elaboración de materiais: exercicios, improvisacións, dispositivos xeradores. 6.4. Habitar o proceso: especulación; análise; alimentación; articulación; cuestionamiento activador; creación de condicións; estruturación. 6.5. Composición de partituras: codificación, estruturación e elaboración/chegada do sentido. Escrita de escenario. 6.6. Confrontación e avaliación. Confirmacións e inesperados.	24
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>45</b>

## 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias			
Exposición maxistral	5		5
Exposición práctico-teórica	10	15	25
Práctica individual	20	20	40
Práctica colectiva	8		8
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			

Outros			
Titorías individuais		5	5
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2	5	7
Actividades de avaliación. Revisión			
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>45</b>	<b>90</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>50%</b>	<b>50%</b>	<b>100%</b>

## 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposición maxistral	Presentación teórica dos conceptos do temario.
Exposición práctico-teórica	Prácticas sobre os contidos do temario e reflexión teórica.
Traballos de composición dunha peza performativa.	Elaboración dunha peza singular a partir da práctica cos materiais, técnicas e procedementos propostos. Ensaio e axustes para chegar a unha proposta dramaturxica.
Análise da poética e da praxe das pezas/partituras elaboradas.	Debate e reflexión grupal sobre o proceso continuo e aberto dos exercicios e da construción ( <i>praxis</i> ) da peza ou partitura dramaturxica. Análise da produción ( <i>poésis</i> ) da peza a partir dos procedementos empregados e fundamentación teórica.

## 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. Titoría presencial: O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. Titoría electrónica: O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

## 8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

### 8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento e participación.	T4. T7. T17. X3. X8. EE3.	10%
Exercicios e debates na aula.	T2. T3. T7. T8. X3. X5. EE5. EE6.	20%
Presentación da peza performativa elaborada.	T1. T3. T7. T8. T13. X5. X8. EE3. EE5. EE6.	50%
Ensaio arredor da poética e praxe da peza.	T2. T4. T6. T8. T17. X3. X7. X8. EE3. EE5. EE6.	20%

### 8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Presentación da peza performativa elaborada.	T1. T3. T7. T8. T13. X5. X8. EE3. EE5. EE6.	60%
Ensaio arredor da poética e praxe da peza.	T2. T4. T6. T8. T17. X3. X7. X8. EE3. EE5. EE6.	40%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Presentación da peza performativa elaborada.	T1. T3. T7. T8. T13. X5. X8. EE3. EE5. EE6.	35%
Ensaio arredor da poética e praxe da peza.	T2. T4. T6. T8. T17. X3. X7. X8. EE3. EE5. EE6.	30%
Proba práctica a partir da peza presentada.	T1. T2. T3. T4. T6. T7. T8. T17. X3. X5. X7. X8. EE3. EE5. EE6.	35%

## 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

### REFERENCIAS BÁSICAS

- Bleeker, Maaïke (2011). *Visuality in Theatre: The Locus of Looking*. Londres: Palgrave Macmillan.
- Bleeker, Maaïke (2023). *Doing dramaturgy. Thinking through practice*. Palgrave Macmillan.
- Danan, Joseph [2010] (2012). *Qué es la dramaturgia y otros ensayos*. México D.F.: Paso de Gato.
- Féral, Josette [2011] (2015). "Teoría y práctica del teatro: más allá de los límites" en VV.AA.: *Antología de teorías teatrales: el aporte reciente de la investigación en Francia*. Bilbao: Artezblai.
- Pavis, Patrice (2016). *Diccionario de la performance y del teatro contemporáneo*. México D.F.: Paso de Gato.
- Rykner, Arnaud [2008] (2015). "Sobre el dispositivo y su uso en el teatro", en *Antología de teorías teatrales: el aporte reciente de la investigación en Francia*. Bilbao: Artezblai.
- Sánchez, José Antonio (2012). *Prácticas de lo real en la escena contemporánea*. México D.F.: Paso de Gato.
- Sermon, Julie (2015). "El actor descentrado. (Marionetas, maniqués, objetos, máquinas)", en *Antología de teorías teatrales: el aporte reciente de la investigación en Francia*. Bilbao: Artezblai.

### REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- Romanska, Magda (2016). *The Routledge Companion to Dramaturgy*. Londres/Nova York, Routledge.

## 10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

--